

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA PARA A TUTELA DE PERSOAS ADULTAS (FUNGA) E O GRUPO INDITEX PARA A REALIZACIÓN DUNHA DOAZÓN PARA A ADQUISICIÓN DE DIVERSO MATERIAL PARA A RESIDENCIA DE MAIORES TORRENTE BALLESTER DA CORUÑA E A RESIDENCIA ASISTIDA DE MAIORES DE OLEIROS

Santiago de Compostela, a 15 de xuño de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, dona Fabiola García Martínez, presidenta da Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (en diante FUNGA) en virtude do seu nomeamento como conselleira de Política Social mediante o Decreto 112/2020, do 6 de setembro, do que se tomou coñecemento na reunión do padroado do 15.10.2020, data na que aceptou o seu cargo, actuando en nome e representación da FUNGA de acordo co establecido no artigo 19 dos seus estatutos.

Doutra parte, don Óscar García Maceiras, con D.N.I. 32.837.360-F, en nome e representación de Industria de Diseño Textil, S.A. (INDITEX, S.A.), en diante "INDITEX", con NIF A-15075062, e domicilio social en Avenida de la Diputación, Edificio Inditex, 15142 Arteixo, A Coruña, de acordo coas facultades conferidas por acordo do Consello de Administración de data 09 de marzo de 2021, elevado a escritura pública outorgada ante o Notario de A Coruña, D. Francisco Manuel Ordóñez Armán, con data 26 de marzo de 2021 e baixo o número 600 do seu protocolo

Ambas partes recoñécense mutuamente a capacidade para obrigarse e outorgar este convenio de colaboración, respectivamente.

EXPOÑEN

I. Que INDITEX é un dos principais distribuidores de moda do mundo, que reúne a máis dun centenar de sociedades vinculadas coas diferentes actividades que conforman o negocio de deseño, a fabricación e a distribución téxtil.

O modelo de sostibilidade de INDITEX articúlase a través do Código de Conducta e Prácticas Responsables de INDITEX (en diante, o Código) que se define como un compromiso ético que inclúe principios e estándares básicos para o desenvolvemento adecuado das relacións entre INDITEX e os seus principais “Grupos de Interese”- empregados, clientes, accionistas, provedores, socios de negocio e sociedade en xeral- alí onde INDITEX desenvolva o seu modelo de negocio.

O Código, no apartado relativo a “sociedade” establece que: “INDITEX se compromete a colaborar coas comunidades locais, nacionais ou internacionais nas que desenvolve o seu negocio”.

INDITEX, no marco do seu modelo de Sostibilidade, considera necesario realizar doazóns monetarias en beneficio de aquelas comunidades nas que desenvolve a súa actividade.

II. A FUNGA é unha entidade constituída pola Xunta de Galicia, do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia que ten afectado de xeito duradeiro o seu patrimonio á realización dos fins de interese xeral que se recollen no artigo 6 dos seus estatutos.

Segundo este artigo 6, son fins da FUNGA a protección xurídica, patrimonial e social das persoas maiores de idade incapacitadas legalmente e en situación de desamparo; facilitar o acceso ás actividades de asistencia, prevención, rehabilitación, integración socio-laboral e formación, que favorezan a súa integración na comunidade; promover a realización, sexa directa ou indirectamente, de programas que faciliten o desenvolvemento social das persoas tuteladas; orientar e asesorar ás persoas que exerzan funcións tutelares, e en xeral a todas aquelas persoas que demanden información; participar na formación de profesionais relacionados cos servizos sociais de atención ás persoas con capacidade limitada; fomentar actividades de carácter educativo, técnico, científico e cultural no ámbito da protección xurídica e social das persoas maiores de idade incapacitadas xudicialmente; impulsar actividades de divulgación e sensibilización social para fomentar o respecto aos dereitos das persoas maiores de idade con capacidade legal limitada e a súa maior integración e normalización na sociedade; e fomentar accións de patrocinio, solidariedade e financiamento no ámbito da tutela de adultos por parte de empresas e entidades públicas e privadas.

Para a consecución destes fins a fundación poderá establecer convenios e, no seu caso, protocolos de colaboración con institucións públicas e privadas, que faciliten a súa consecución.

III.- INDITEX levou a cabo en decembro de 2020 un sorteo de carácter benéfico entre os seus empregados, denominado “Love Together”

A cantidade recadada por INDITEX no marco do referido sorteo, tanto polas cantidades recadadas coma polas doazóns complementarias de INDITEX, é adicada á atención de persoas maiores na área da Coruña.

INDITEX decidiu adicar os seus resultados a realizar unha doazón á FUNGA co obxecto de que esta adquira determinado material ca finalidade de adicalo ás residencias de maiores “Torrente Ballester” da Coruña e Asistida de Oleiros, das cales son usuarias varias persoas tuteladas pola FUNGA.

En atención ao exposto nos números anteriores, as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para a realización de doazóns, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

Constitúe o obxecto deste convenio a regulación da doazón que INDITEX realiza á FUNGA e que ascende a 153.340 euros recadados no sorteo “*Love Together*” de datas do 14 ao 16 de decembro de 2020. A doazón será denominada no sucesivo, a “Axuda Económica”.

SEGUNDA.- Obrigas das partes

1. INDITEX obrígase a entregar á FUNGA a Axuda Económica para a adquisición de diverso material para a atención dos usuarios das residencias de maiores “Torrente Ballester” da Coruña e Asistida de Oleiros, o cal consta relacionado no Anexo do presente convenio.

2. Pola súa parte, a FUNGA comprométese a levar a cabo a adquisición do material e poñelo a disposición das residencias de maiores “Torrente Ballester” da Coruña e Asistida de Oleiros.

Os fondos da Axuda Económica deberán destinarse ás partidas detalladas no anexo do presente convenio e non se poderán realizar variacións/reclasificacións de gasto entre as mesmas por unha porcentaxe superior ao 10% sen autorización previa e expresa do departamento de sostibilidade.

A FUNGA comprométese a facilitar a INDITEX, tras a recepción da cantidade doada, o certificado regulado nos artigos 24 da Lei 49/2002 do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenazgo e 6 do Real Decreto 1270/2003, do 10 de outubro, polo que se aproba o regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenazgo, que conteña a seguinte información:

- a) O número de identificación fiscal e os datos de identificación persoal de INDITEX S.A. e a FUNGA.
- b) Mención expresa de que a FUNGA se atopa incluída entre as entidades reguladas no artigo 16 da Lei 49/2002, do 23 de decembro.
- c) Data e importe do donativo realizado por INDITEX.
- d) Destino que a entidade donataria dará á cantidade doada en cumprimento da súa finalidade específica.
- e) Mención expresa do carácter irrevogable da doazón, sen prexuízo do establecido nas normas imperativas que regulan a revogación de doazóns.

TERCEIRA.- Abono da axuda e tratamento bancario dos fondos

INDITEX realizará o ingreso da Axuda Económica na conta corrente de titularidade exclusiva da FUNGA número ES** **** *
**** *

No seu caso, os intereses devengados pola Axuda Económica prestada por INDITEX, serán destinados á adquisición de material en concepto de custes indirectos, debendo xustificarse o gasto destes intereses de xeito análogo ao resto de partidas descritas no Anexo do presente convenio.

O desembolso da Axuda Económica se realizará nun único pagamento nos días posteriores á sinatura do presente convenio, de acordo coa política de pagamentos de INDITEX.

Se por calquera circunstancia, a actuación non se levara a cabo, ou a xustificación do gasto non fora axeitada a xuízo de INDITEX, a FUNGA se compromete á devolución proporcional dos fondos, non utilizados ou non xustificadas, recibidos de INDITEX.

A FUNGA poderá así mesmo verse obrigada a devolver o importe total da Axuda Económica se do resultado da auditoría que, no seu caso, se levase a cabo de acordo co previsto na cláusula cuarta, en relación coa comprobación do cumprimento do plan de execución da actuación e/ou valoración do impacto dos resultados obtidos, se verificase a existencia dalgún feito relevante do que, a xuízo razoable de INDITEX, se puidera derivar un impacto reputacional material e adverso para esta ou puidera ser considerado como un incumprimento substancial dos termos e obxectivos do convenio.

CUARTA.- Requisitos e documentación xustificativa do gasto

A achega da Axuda Económica efectuarase en euros.

A FUNGA levará unha contabilidade que garanta a trazabilidade e o seguemento dos gastos imputados á Axuda Económica prestada por INDITEX.

Os documentos xustificativos do gasto serán facturas. Estes documentos deberán estar debidamente numerados e ordenados conforme ás partidas do orzamento aprobado e desglosado no Anexo deste convenio.

A FUNGA remitirá a INDITEX un listado inclusivo de todos os documentos xustificativos. A documentación xustificativa orixinal quedará custodiada pola FUNGA durante polo menos 5 anos, sempre que sexa posible enviala fora do país de execución, cando este non sexa España. No caso de que non fora así, xustificarse tal circunstancia no informe final que se realizará unha vez adquirido o material e certificarase o lugar de depósito da documentación orixinal.

O informe final incluírá unha liquidación económica que permita coñecer cal foi o fluxo de fondos e determinar cales foron as desviacións dos gastos con respecto á formulación aprobada e o excedente ou déficit final resultante.

INDITEX poderá levar a cabo, a súa discreción e cargo, unha auditoría do dito informe final, co fin prioritario de verificar o control orzamentario da actuación e verificar que a Axuda Económica foi destinada integramente ao mesmo (conforme ás especificacións incluídas, no seu caso, no anexo). En todo caso, INDITEX poderá determinar libremente a natureza, obxectivo e alcance da dita auditoría.

QUINTA.- Comunicación pública

INDITEX poderá comunicar publicamente a súa participación no presente convenio na súa Memoria Anual de Sostibilidade, así como en calquera outra documentación ou comunicación pública relativa ás súas políticas de Sostibilidade.

A FUNGA facilitará a INDITEX acceso a toda a información das actuacións realizadas no marco do convenio, incluído, pero non limitado, a informes, fotos, entrevistas coas persoas responsables, etc. INDITEX poderá facer uso da dita información en calquera documentación ou comunicación interna e/ou pública relativa ás súas políticas de Sostibilidade. A FUNGA deberá asegurarse de dispoñer de todos os dereitos (incluíndo os dereitos de propiedade intelectual, industrial, de imaxe ou calquera outro) sobre o citado material e información.

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos); coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais; e demais disposicións vixentes sobre a materia.

As obrigas establecidas na presente cláusula terán unha duración indefinida.

SEXTA.- Establecemento dunha comisión mixta ou de seguimento

Para facilitar o seguimento da colaboración, constituirase unha comisión mixta composta por parte de INDITEX por ***** e por parte da FUNGA por *****.

Serán funcións desta comisión asegurar o bo fin e cumprimento do obxecto deste convenio, así coma interpretar as dúbidas que xere o seu cumprimento e resolver as controversias xurídicas consecuencia da súa execución.

Non obstante, de producírense a xuízo de calquera das partes desacordos reiterados no seo da comisión que dean lugar á imposibilidade de chegar a unha solución amistosa despois de, cando menos, dúas sesións, e que impidan a correcta execución e desenvolvemento do presente convenio, calquera das partes poderá instar a resolución deste.

SÉTIMA.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa duración ata a materialización efectiva da Axuda económica.

En todo caso, o presente convenio terá unha duración máxima de catro anos a contar dende a data da súa sinatura, podendo ser obxecto de prórroga por outro prazo similar ou inferior.

OITAVA.- Publicidade das actuacións

Os actos relativos á información e comunicación das actuacións realizadas ao abeiro do presente convenio, así como os termos nos que se fará pública esta colaboración estableceranse de común acordo por ambas partes, sen prexuízo do cumprimento das correspondentes obrigas en materia de publicidade por parte da FUNGA.

NOVENA.- Código de conduta e prevención da corrupción

A FUNGA declara coñecer e comprométese a respectar os principios recollidos no “Código de Conducta y Prácticas Responsables del Grupo Inditex” e, en particular, a cumprir en todo momento a normativa anticorrupción que lle sexa de aplicación e as directrices que nesta materia teña aprobadas o Grupo Inditex, dispoñibles en www.inditex.com.

DÉCIMA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente Convenio, xunto co mutuo acordo das partes e o transcurso do prazo da súa vixencia sen acordarse a súa prórroga, o incumprimento das obrigas ás que as partes se comprometen na cláusula segunda do mesmo.

DÉCIMO PRIMEIRA .- Carácter do Convenio

Este convenio ten natureza privada, aplicándose con carácter supletorio para cubrir dúbidas e lagoas que poidan xurdir o disposto na Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público, así coma calquera outra normativa concordante e de desenvolvemento.

DÉCIMO SEGUNDA.- Rexistro e publicidade

Para garantir a publicidade e transparencia o convenio inscribírase no Rexistro de Convenios regulado polo Decreto 126/2006, do 20 de xullo e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, que pretende ser un elemento de mellora dos mecanismos de transparencia e publicidade das actuacións da Administración autonómica galega.

Os representantes das partes asinantes do convenio, manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais poidan ser publicados no Portal da transparencia e goberno aberto.

DÉCIMO TERCEIRA.- Xurisdicción

O presente contrato rexirase pola lexislación española. Para calquera controversia as partes se someterán aos Xuzgados e Tribunais da cidade de A Coruña.



E en proba de conformidade, ambas partes asinan o presente convenio de colaboración en triplicado exemplar e a un só efecto en Santiago de Compostela.

Pola FUNGA
A presidenta

Por INDITEX
Secretario Xeral e do Consello

Fabiola García Martínez

Óscar García Maceiras



ANEXO

ORZAMENTO ESTIMADO DA ADQUISICIÓN DE MATERIAL PARA A RESIDENCIA DE MAIORES “TORRENTE BALLESTER DA CORUÑA”

Sala de tratamentos e curas de enfermería

Descrición	Precio unitario	Cantidad	Importe total
Mobiliario sala de curas	7.800,00 €	1	7.800,00 €
Mobiliario sala de medicación	8.700 €	1	8.700 €
Mobiliario control enfermería	2.500 €	1	2.500 €
Camilla eléctrica sala de curas	750 €	1	750 €
Carro de curas	1.300 €	1	1.300 €
Carro de medicación unidose	2.800 €	1	2.800 €
Sillón de tratamento pacientes	750 €	2	1.500 €
Monitores multiparámetros (SpO2, PANI, PPM, etc)	1.500 €	2	3.000 €
Carros para monitores	600 €	2	1.200 €
Tensiómetro móbil	300 €	1	300 €
Cadeiras enfermería	300 €	2	600 €
Taburetes rodantes con respaldo	90 €	2	180 €
			30.630,00 €

Sala de Fisioterapia

Descrición	Precio unitario	Cantidad	Importe total
Equipo de ultrasonidos	600 €	1	600 €
Fundidor de parafina	90 €	1	90 €
5 xogos de autopasivos a parede para exercicios de extremidades	750 €	1	750 €
Cinta de andar	900 €	1	900 €
Bicicleta estática con respaldo	1.000 €	1	1.000 €
Bicicleta elíptica	1.200 €	1	1.200 €
Camilla hidráulica neurolóxicos	1.000 €	1	1.000 €
Taburetes con rodas e respaldo	90 €	3	270 €
Mostrador recepción fisioterapia	1.200 €	1	1.200 €
Cadeira oficina	300 €	1	300 €
Biombos modulares 2/3 corpos metacrilato	400 €	8	3.200 €
			10.510 €



Sala Multisensorial

Descrición	Precio unitario	Cantidad	Importe total
SISTEMA SHX: ordenador, proxector, son, tableta	8.200 €	1	8.200 €
Elementos de control, efectos, luz e vibroacústicos	6.600 €	1	6.600 €
Mobiliario, luminea e kits	7.400 €	1	7.400 €
Instalación e mantemento	4.000 €	1	4.000 €
Formación	3.800 €	1	3.800 €
			30.000 €

Xardín interior

Descrición	Precio unitario	Cantidad	Importe total
Mesas	240 €	6	1.440 €
Cadeiras	80 €	24	1.920 €
Parasoles	500 €	4	2.000 €
			5.360 €

TOTAL

76.500 €



ANEXO
ORZAMENTO ESTIMADO DA ADQUISICIÓN DE MATERIAL PARA A RESIDENCIA DE
MAIORES ASISTIDA DE OLEIROS

Mobilización e hixiene

Descrición	Precio unitario	Cantidad	Importe total
Guindastres/Axudas técnicas	4.600 €	7	32.200 €
Camillas asistencia hixiene	4.300 €	7	30.100 €
			62.300 €

Residentes activos

Descrición	Precio unitario	Cantidad	Importe total
Kits de terapia de estimulación	3.640 €	1	3.640 €
Material audiovisual e de comunicación	3.500 €	1	3.500 €
			7.140 €

Equipamiento Fisioterapia

Descrición	Precio unitario	Cantidad	Importe total
Bicicleta estática	900 €	2	1.800 €
Cinta sen motor	3.700 €	1	3.700 €
Cinta con motor	1.700 €	1	1.700 €
			7.200 €

TOTAL 76.640 €

Este orzamento estimado acadaría un total de 153.340 euros porén dado o carácter estimativo do orzamento vinculado a cada partida, e a variación que poden sufrir os importes debido aos procedementos de contratación, o alcance final da actuación non se pode definir con exactitude no momento actual, non obstante, asegúrase que o destino dos fondos doados será única e exclusivamente a adquisición de material para as residencias de maiores “Torrente Ballester” da Coruña e Asistida de Oleiros, sendo a intención da FUNGA a adquisición da maior cantidade posible de material.